

Expediente: CON2024000011 Referencia interna: 2024/00017132C -
Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Aberto

ACTA NÚMERO 1
ORZAMENTO DA LICITACIÓN: 66.105,29 euros máis IVE

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación - Videoconferencia
Data: 14-06-2024 Hora: 9:42

ASISTENTES

Presidencia: Pilar Lueiro García, concelleira delegada de Medio Rural

Vogais

Berta Rosón López, en representación da Intervención Municipal
-Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría Xurídica
-Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo de Obras e Proxectos

Secretaria: Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

Constituída a mesa de contratación, a secretaria informa da oferta presentada dentro do prazo outorgado:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	CIF	NOME DO LICITADOR
1	10/06/2024 18:13	B70574397	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.

A mesa de contratación abre, en primeiro lugar, o arquivo electrónico coa documentación administrativa acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. A mesa constata que o licitador presenta a documentación consonte o exixido no PCAP de aí que sexa admitido neste procedemento de adxudicación.

A continuación, a mesa de contratación abre o arquivo electrónico coa oferta técnica do licitador avaliable mediante criterios de xuízo de valor e comproba que a empresa a presentou.

Finalmente, a mesa adopta os seguintes acordos:

1. Admitir neste procedemento de adxudicación o licitador que presentou oferta por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP.
2. Encargarlle ao Servizo de Obras e Proxectos que realice o informe de valoración e o cálculo da puntuación correspondente da oferta técnica avaliable mediante criterios de xuízo de valor.

Levántase a sesión ás 9:48 horas

Vº e praxe
A Presidencia da Mesa

Eu, como secretaria, dou fe